

ESTATUTOS DA Asociación de Nais e Pais de Alumnos LAVANDEIRA do CEIP VILA de RUTIS



CAPITULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO, AMBITO:

Artigo 1º. Coa denominación **Asociación de Nais e Pais de Alumnos LAVANDEIRA do CEIP VILA de RUTIS** constitúese esta Asociación, ó amparo da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de Marzo e da Lei Orgánica del Derecho a la Educación 8/1985 e demais leis e disposicións complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2º. Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3º. Terá como fins os seguintes:

- a) Asistir ós pais e titores en todo o que se refire á educación dos seus fillos e pupilos.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.
- c) Promover a participación dos pais dos alumnos na xestión do Centro.
- d) Asistir ós pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- e) Facilitar a representación dos pais de alumnos no Consello Escolar do Centro.
- f) Estimular á participación dos pais de alumnos na programación xeral da ensinanza a través do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomentar as relacións de cooperación do Centro con outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno.
- h) Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de tódolos alumnos sen discriminación por razón socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.
- i) Requerir ós poderes públicos o cumprimento das leis, regramentos e plans de actuación relativos á educación, recabando a atención e axudas que ésta merece.
- j) Promover actividades formativas, culturais e de estudio.
- k) Promover reunión de colaboración de pais con profesores e as boas relacións entrambos.
- l) E todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

Presidente

Secretaría

Artigo 4º. Para o cumprimento destes fins realizaranse, lóxicamente, todas aquelas actividades formativas, culturais, de estudio e reunión con tódolos sectores da comunidade educativa e todas aquelas outras tendentes a cumprilos fins sinalados e que sexan conformes á lei e decididas polos órganos competentes.



Artigo 5º.

- A) Para a realización das actividades que lle son propias á Asociación utilizará locais do Centro, a cuio efecto o/a Director/a facilitará a integración de dichas actividades na vida escolar tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma.
- B) A efectos da utilización dos locais do Centro á que se refire o apartado anterior será necesaria a previa comunicación da Xunta Directiva da Asociación á Dirección do Centro.

Artigo 6º. O ámbito da Asociación é local e fixa o seu domicilio na Avenida de Rutis, s/n de Culleredo (CEIP VILA de RUTIS).

CAPITULO II

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 7º. A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- Presidente,
- Vicepresidente,
- Secretario,
- Administrador-Tesoureiro,
- Vocais, mínimo un, máximo según acordo da Asamblea.

Todo los cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos. Estes serán designados e revocados pola Asamblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos, renovándose a partires do segundo ano, cada ano a metade dos membros.

Artigo 8º. Os membros da Xunta Directiva que agotaran o prazo para o que foron escollidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os van substituir.

Artigo 9º. A elección dos membros da Xunta Directiva pola correspondente asamblea, será polo procedemento de listas abertas.

A elección de membros da Xunta Directiva corresponderá á Asemblea Xeral, na cal se poderá ratificar aos membros postulados pola Xunta Directiva en funcións ou elixir novos representantes, os cales, deberán presentar a súa candidatura previamente e por escrito na oficina da ANPA LAVANDEIRA, cunha antelación mínima de sete días naturais, previo á celebración da Asemblea Xeral, para o que a Xunta Directiva convocará a Asemblea Xeral, correspondente, cun prazo mínimo de 15 días naturais.

Todo candidato(a) a representante da Xunta Directiva deberá cumprir as seguintes condicións: ser socio(a) do ANPA LAVANDEIRA, ser maior de idade, estar en pleno uso dos seus dereitos civís e non estar incurso en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

Artigo 10º. A Xunta Directiva eleixirá de entre os seus membros os cargos correspondentes.

Presidente

Secretaria



Artigo 11º. As vacantes que se puideran producir por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigacións inherentes ao cargo, poderán cubrirse provisionalmente por membros que designe a Xunta Directiva ata que se celebre a primeira reunión da Asamblea Xeral.

Artigo 12º. A Xunta Directiva reurirase tódolos meses do curso escolar e ademáis sempre que sexa convocada polo seu Presidente. Tamén deberá reunirse, a petición dun tercio da totalidade dos seus componentes. Quedará válidamente constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e, para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría dos votos correspondentes ós presentes. No caso de empate, o voto do presidente será de calidade para deixar sen efecto o empate.

Artigo 13º. As facultades da Xunta Directiva extenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran segundo estes Estatutos, autorización da Asamblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades da Asociación e levar a xestión económica e administrativa, acordando realizar os oportunos actos e contratos.
- b) Executar os acordos da Asamblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asamblea Xeral os balances, contas e programa anual das actividades.
- d) Resolver sobre a admisión de socios se fose necesario.
- e) Nomear delegados para alguna determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asamblea e sexa conforme segundo a lei.

Artigo 14º. O Presidente terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de Organismos Públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesión que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra; ordear pagos e firmar xunto co Administrador-Tesoureiro os libramentos, cheques, etc.; recibir en nome da Asociación calquera cantidade provinte de subencións de Entidades Públicas e/ou privadas; autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia da Asociación; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconsella, ou no que o desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen perxucio de dar conta posteriormente á Xunta Directiva; asumir tamén, en todo caso, tódalas facultades que a Lei establece.

Presidente

Artigo 15º. O Vicepresidente será o encargado de substituír ó Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que éste. O Presidente poderá delegar neste as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

Secretaria

Artigo 16º. O Secretario terá ó seu cargo a Dirección dos traballos meramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os Libros da Asociación legalmente establecidos e o arquivo de Asociados e custodiará a documentación da Entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas

Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros, así como a representación das contas anuais e do programa de actividades e o cumprimento das obrigas documentais, nos termos que legalmente correspondan; ademais velará pola conservación dos locais sociais e gardará o selo da Asociación.



Artigo 17º. O Administrador-Tesoureiro estará encargado de recadar e conservar os fondos e bens da Asociación. Levará o Libro de Caixa e firmará os libramentos de fondos xunto co Presidente; elaborará o proxecto do presuposto que a Xunta Directiva debe presentar ante a Asamblea Xeral e preparará as contas que deban someterse a dita Asamblea.

Artigo 18º. Os Vocais Terán as obrigacións propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva e poderán recibir por acordos desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle fosen encomendadas.

Artigo 19º. As vacantes que se poideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva pola Asamblea Xeral.

CAPITULO III

Artigo 20º. A Asamblea Xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación e estará integrada por tódos os socios.

Artigo 21º. As reunións da Asamblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase obrigatoriamente unha vez ó ano, dentro dos catro meses seguintes ó peche do exercicio e nela proporase a aprobación das contas e presupostos e o programa xeral da actuación social. Tamén nela se procederá á elección de membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatuario; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuício do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o pida ou solicite formalmente por escrito un tercio dos asociados.

Artigo 22º. As convocatorias das Assembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da assemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar ó menos 7 días, podendo asimismo facerse constar a data e hora en que se reunirá a assemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 23º. As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos asociados e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados presentes.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Artigo 24º. Será necesario o voto favorable dos dous tercios dos asociados presentes na assemblea para adoptar as seguintes decisión.

- a) Nomeamento das Xuntas Directivas.
- b) Disposición e Enaxeñación dos Bens.

Presidente

Secretaría



- c) Solicitude de Declaración de utilidade Pública da Asociación.
- d) Integración en Federacións.
- e) Modificación Estatutaria.
- f) Disolución da Asociación.

CAPÍTULO IV SOCIOS

Artigo 25º. Poderán ser membros da Asociación tódolos pais ou titores maiores de idade, dos alumnos que cursan estudos no CEIP VILA de RUTIS.

Artigo 26º. Serán dereitos dos asociados:

- a) Elixir, ser elexible para tódalas funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en tódalas actividades da Asociación e utilizar os servizos que poidan establecerse en beneficio dos socios.
- d) Dirixir peticións e propor iniciativas ós Órganos de Goberno da Asociación.
- e) Recabar e recibir da Xunta Directiva tanta información precisen sobre a xestión asociativa.
- f) Asistir a tódalas reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
- g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.

Artigo 27º. Serán deberes dos socios:

- a) Observar e cumprir os estatutos da Asociación e os acordos da Asamblea.
- b) Contribuír economicamente ó sostimento da Asociación na forma e modo en que se establezca na Asamblea Xeral.

Artigo 28º. Causará baixa na Asociación:

- a) Por petición do interesado.
- b) Por baixa dos fillos matriculados no Centro.
- c) Por impago das cuotas mediando un apercibimento previo da Xunta Directiva.
- d) Por incumprimento dos Estatutos.
- e) Pola utilización da Asociación con fins alleos ós específicos da mesma.

Presidente

Secretaría

Para excluír a calquer socio polas causas do apartado d) e e) do anterior artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Asimesmo deberase oír ó propio expedientado que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere convinte na súa defensa a que se unirá o expediente que estudiará a Xunta Directiva e propondrá a decisión que considere oportuna. Se optase pola expulsión, presentará na próxima Asamblea Xeral que despois de oír á Xunta Directiva e ó socio, se o solicita, tomará unha decisión que será inapelable.



Artigo 29º. Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cuotas dos socios periódicas ou extraordinarias que serán determinadas pola Asamblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subencións, legados, herencias ou donacións que poideran recibir de forma legal e que sexan aceptados tanto que proveñan de persoas físicas ou xurídicas.
- c) Calquer outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 30º. A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituindo estará composto por tódolos bens que se adquiren para a realización dos fins sociais. A súa administración corresponde á Xunta Directiva.

Artigo 31º. O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

CAPITULO V

DISOLUCIÓN

Artigo 32º. Esta Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorden a Asamblea Xeral convocada a tal efecto e por acordó dunha maioría de dous tercios dos asociados.

Artigo 33º. No caso de disolución nombrarase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas e se existise sobranse líquido, se destinará a aquelas entidades sen fin de lucro adicadas á realización de fins educativos cun espírito similar ó que anima esta asociación e que se sinalará na Asamblea Xeral na que se acorde a liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo cando non esté previsto nos presentes estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a Lei Orgánica 8/1985 reguladora do Dereito á Educación do 3 de xullo de 1985 e demais disposicións específicas da aplicación provintes da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Dereito Estatal Supletorio en ausencia do autonómico segundo dispón a Constitución Española

En Culleredo a 10 de xaneiro de 2020

Presidente

Secretaria

DILIXENCIA: Para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 10 de xaneiro do 2020 e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.

Presidente

Secretaria



**INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN
ASOCIACIÓN Nº 2018/28569-1**

Inscrita a la modificación por resolución do 21
de FEBREIRO de 20 20
soamente para os efectos de publicidade de
conformidade co artigo 22 da Constitución e artigo
16 da L.O. 1/2002

O/A responsable do Rexistro